



## ACTA Nº 2023/11

### SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

*Sala de sesións da casa do Concello, mércores 12 de xullo de 2023*

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordóñez

#### **ASISTEN:**

PSOE

D. Víctor Manuel Muiño Ramos

D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.<sup>a</sup> Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

D. Segio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.<sup>a</sup> Beatriz Pazos Nimo

D.<sup>a</sup> Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamin Queiro Pérez

PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

#### **AUSENCIAS:**

BNG

D.<sup>a</sup> María Lorena Suárez Pazos

#### **SECRETARIO/A:**

D. Francisco Javier Novoa Juiz

#### **INTERVENTOR/A:**

D. Francisco Fernández armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

### **ORDE DO DÍA**

- 1º. Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.
- 2º. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde.
- 3º. Dación de conta da resolución da Alcaldía sobre as delegacións de Alcaldía en tenentes de alcalde e resto de concelleiros.
- 4º. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de membros da Xunta de Goberno local e delegación de competencias da Alcaldía.
- 5º. Proposta de acordo sobre a determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.
- 6º. Proposta de acordo sobre a creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas.
- 7º. Proposta de acordo sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan competencia do Pleno.
- 8º. Proposta de acordo sobre a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.
- 9º. Proposta de acordo sobre o establecemento de réxime retributivo da corporación municipal 2023-2027.
- 10º. Proposta de acordo sobre o establecemento da dedicación exclusiva da alcaldía.
- 11º. Proposta de acordo sobre o establecemento das dedicacións da segunda e terceiro tenentes de alcaldesa.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

### **1º. Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.**

O Secretario da Corporación da conta da constitución dos grupos políticos municipais, portavocías e suplencias.

O Pleno do Concello douse por enterado.



## **2º. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde.**

O secretario da Corporación da conta da Resolución da Alcaldía núm. 928/2023 do 23 de xuño de 2023, referente ao nomeamento dos tenentes de alcaldesa.

O Pleno do Concello douse por enterada.

## **3º. Dación de conta da resolución da Alcaldía sobre as delegacións de Alcaldía en tenentes de alcalde e resto de concelleiros.**

O secretario da Corporación da conta da Resolución da Alcaldía núm. 999/2023 do 7 de xullo de 2023, referente a delegación de Alcaldía en tenentes de alcaldesa e resto de concelleiros.

O Pleno do Concello douse por enterada.

## **4º. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de membros da Xunta de Goberno local e delegación de competencias da Alcaldía.**

O secretario da Corporación da conta da Resolución da Alcaldía núm. 924/2023 do 23 de xuño de 2023, referente ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

O Pleno do Concello douse por enterada.

## **5º. Proposta de acordo sobre a determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno**

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

### **“PROPOSTA DE ACORDO**

### **ASUNTO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.**

A vista das eleccións locais do día 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto non artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

En virtude do regulado no artigo 210.2 a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:



PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación de xeito bimensual o último mércores dos meses impares, ás 09:00 horas, logo de convocatoria da Sra. alcaldesa.

Facúltase á alcaldesa para adiantar ou retrasar a sesión ordinaria un máximo de 15 días, por motivos de interese público debidamente xustificadas ou por coincidencia cun día festivo ou non laborable, co fin de evitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no taboleiro de anuncios desta entidade.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica a proposta bimensual, os mércores ás 9 da mañá.

D. José Manuel Rodríguez Blanco entende que sería necesario que fora mensual e a unha hora de tarde para que a xente puidera asistir.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que non é dabondo cada dous meses pois acumularíanse moitos decretos de alcaldía para poder discutir sobre eles en rogos e preguntas, e que ás 9 da mañá non é unha hora axeitada para os membros da corporación e veciños do concello.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que o marco xurídico polo número de habitantes ampara os plenos bimensuais e que mensualmente como se viu na lexislatura anterior, estaban vacíos de contido por falta de atribucións legais.

Amáis poderanse facer plenos extraordinarios cando sexa necesario e a primeira hora permite seguir traballando de continuo, sen que os decretos sexan obxecto de discusión no pleno da corporación xa que só se da conta.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto/PP) e ningún voto en contra.

## **6º. Proposta de acordo sobre a creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas**

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

### **"PROPOSTA DE ACORDO**

### **Asunto: creación e composición das Comisións Informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas**



A vista das eleccións locais do día 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto ou estudo, informe e consulta dos asuntos a someter á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

A teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, constituiranse comisións de estudo, informe e consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ó Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representación no Concello.

En virtude do establecido non artigo 212.1 da antedita lei autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das comisións de estudo, informe e consulta será determinado polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza o alcalde, segundo se sinala non artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

De conformidade co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que a aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

Considerando os parámetros de poboación, potencialidade económica e complexidade xurídico-administrativa deste Municipio, considerase que é necesaria a creación de cinco comisións informativas de carácter permanente.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

**PRIMEIRO.-** Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente:

- 1.- **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.** Funcionará como comisión informativa permanente de contas, facenda e orzamentos.
- 2.- **COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL**
- 3.- **COMISION DE OBRAS E URBANISMO**



#### 4.- COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS

#### 5.- COMISION DE DEPORTES

#### 6.- COMISION DE CULTURA

SEGUNDO.- As comisións estarán integradas por sete membros, incluída a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. alcaldesa ou concelleira/o en quen delegue, en proporción á representación dos grupos políticos no Pleno, da forma seguinte:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: 5 membros.

Grupo Municipal BNG: 1 membro.

Grupo Municipal do PP: 1 membro.

TERCEIRO.- As atribucións das comisións informativas permanentes son as seguintes:

- O estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno.
- O estudo, informe e consulta dos asuntos que a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local voluntariamente lle requiran como trámite previo á adopción de calquera acordo.
- Efectuar funcións de seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local ou dos concelleiros delegados, nos ámbitos funcionais ou materiais propios de cada comisión informativa, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno.

CUARTO.- As comisións informativas permanentes celebrarán sesións ordinarias os venres anteriores á celebración da sesión plenaria de carácter ordinario, e sesión extraordinaria nos supostos previstos no artigo 134.1 do ROF.

As sesións celebraránse na sala de sesións da casa do Concello.

QUINTO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no taboleiro de anuncios desta entidade.

SEXTO.- Notificar o presente acordo ás/os voceiras/os dos grupos políticos municipais, outorgándolle un prazo de **cinco días hábiles** para designar aos seus representantes (titular e suplente) nas citadas comisións informativas.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente.

D. Benjamín Queiro Pérez propón un novo reparto máis proporcional ó seu ver e queixase da falta de asesoramento técnico para preparar a comisión de goberno.



A súa proposta sería de 4-2-1 para poder controlar ó goberno polo ben da veciñanza do concello.

A Alcaldesa-Presidenta explica que faise asesorados polo Secretario da Corporación que explica a proporción e a imposibilidade de reproducir o número de membros do grupo político municipal non sendo viable a alternativa presentada e non habendo voto ponderado regulado a nivel autonómico ou estatal, a proporción proposta é correcta.

A Alcaldesa-Presidenta continúa trasladando que o traballo faise fora da comisión e que os traballadores do concello asesoran ó goberno e á oposición.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por once votos a favor (10 PSdeG-PSOE e 1 BNG), unha abstención do Grupo Mixto/PP e ningún voto en contra.

### **7º.- Proposta de acordo sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan competencia do Pleno**

O secretario da Corporación lee a proposta de acordo da Alcaldía, de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.**

A vista das eleccións locais do día 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

En cumprimento do establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

**PRIMEIRO.-** Nomear aos seguintes concelleiros/as como representantes da Corporación nos órganos colexiados que de seguido se indican:

#### **Grupo de Acción Costeira:**

Titular: un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE

#### **Grupo de Desarrollo Rural**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

#### **Consello Escolar do CEIP San Vincenzo de Vimianzo:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE





**Consello Escolar do Colexio público de Baíñas:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Consello Escolar do IES e profesional da Gándara:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Consello Escolar das escolas unitarias:**

Castromil: un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE (titular) e un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE (suplente)

Carnés: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (titular) e un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (suplente)

Carantoña: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (titular) e un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (suplente)

**Escola Infantil municipal:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Patronato para a mellora do Medio Rural:**

Titular: un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do grupo PSdeG-PSOE

**Xunta Local de Concentración Parcelaria:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Xunta de Protección Civil e Extinción de Incendios:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Xuntas Periciais dos Catastros de Rústica e Urbana:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Xunta Local da Cruz Vermella:**

Titular: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

Suplente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE

**Mesa Local de Comercio:**

Presidente: un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (titular) e un concelleiro/a do PSdeG-PSOE (suplente)

Representante do Concello: \_\_\_\_\_ a (titular) e \_\_\_\_\_ (suplente)





SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no taboleiro de anuncios desta entidade e notificarlo ós órganos respectivos.

TERCEIRO.- Notificar este acordo a voceirsa do PsdeG-PSOE para que proceda a designación dos seus representantes nos ditos órganos colexiados.

O que asino en Vimianzo.  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente e ningún voceiro desexa manifestar nada.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto/PP) e ningún voto en contra.

### **8º.- Proposta de acordo sobre a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.**

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: DELEGACION NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE COMPETENCIAS PLENARIAS.**

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes facultades do Pleno previstas no art. 22.2 da LBRL:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (parágrafo j);
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (parágrafo k);
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos (parágrafo ñ).

SEGUNDO.- Cando a Xunta de Goberno Local actúe por delegación do Pleno do Concello, someterase o asunto a previo ditame da comisión informativa correspondente, esa parte da sesión terá carácter público e darase conta do acordado na seguinte sesión plenaria.



O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente a delegación acorde co marco xurídico de aplicación.

D. Benjamín Queiro Pérez traslada que supón vaciar de poderes o pleno sendo a XGL a que decida todo.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que sempre se fixo así e está amparado pola lei, e que por tema de prazos faise difícil facer plenos cuia convocatoria e celebración está suxeita a maior burocracia e organización, e de tódolos xeitos hai comisión informativa e dáse conta ó órgano delegante.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto/PP) e ningún voto en contra.

### **9º.- Proposta de acordo sobre o establecemento de réxime retributivo da corporación municipal 2023-2027.**

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **ASUNTO: ESTABLECEMENTO DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2023-2027.**

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto o informe emitido o 7 de xullo de 2023 pola intervención municipal.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

**PRIMEIRO.-** Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 75 euros/sesión
- Xuntas de Goberno Local: 150 euros/sesión
- Comisións Informativas: 50 euros/sesión



- Comisi3ns creadas por Regulamentos ou Ordenanzas Municipais (para membros corporativos) e Xunta de Seguridade Cidad3: 50 euros/sesi3n
- 3rganos de negociaci3n e mesas de contrataci3n (para os membros corporativos): 50 euros/sesi3n
- Representaci3n da Corporaci3n en 3rganos colexiados nos que se participe (ag3s que a entidade titular de tal 3rgano xa pague as asistencias): 50 euros/sesi3n
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Econom3a e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substit3a.

SEGUNDO.- Que os grupos pol3ticos municipais perciban, en concepto de dotaci3ns econ3micas, ao abeiro do artigo 73 da Lei de bases de r3xime local e dem3is disposici3ns concordantes, as seguintes cont3as:

- cont3a fixa por grupo: 300 euros/mes
- cont3a variable: 50 euros/mes por concelleiro

O presente acordo queda condicionado 3 aprobaci3n do correspondente modificado de cr3dito.

TERCEIRO.-Realizar os tr3mites necesarios para modificar e adecuar as bases de execuci3n do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados t3dolos acordos que contradigan ao presente.

O que asino, en Vimianzo  
A alcaldesa  
M3nica Rodr3guez Ord3ñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica o r3xime de dietas e indemnizaci3ns.

D. Jos3 Manuel Rodr3guez Blanco pregunta se son as mesmas do anterior mandato.

D. Benjam3n Queiro P3rez traslada a mesma d3bida.

A Alcaldesa-Presidenta d3 que son as mesmas excepto a da XGL porque 3 un 3rgano de moita responsabilidade e aumentouse, aclarando que s3 recibe quen non ten dedicaci3n.

P3sase a votaci3n o asunto obt3ndose a aprobaci3n por dez votos a favor do PSdeG-PSOE , d3as abstenci3ns (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP)) e n3c3n voto en contra.

#### **10º. Proposta de acordo sobre o establecemento da dedicaci3n exclusiva da alcald3a.**

O secretario da Corporaci3n lee a proposta da Alcald3a de data 07/07/2023, que se reproduce a continuaci3n:

#### **"PROPOSTA DA ALCALD3A**



## ASUNTO: DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDÍA

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto nos artigos 22, 23, 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto o informe emitido o 7 de xullo de 2023 pola intervención municipal.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Que a alcaldesa- presidenta, D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordóñez, se adique en exclusiva a xornada completa ás tarefas municipais propias do seu cargo.

Percibirá unha retribución anual bruta de 50.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3571,43 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

SEGUNDO.- A retribución da presente adicación exclusiva xurdirá efectos retroactivos dende a data de toma de posesión do cargo (17/06/2023), sen perxuízo da súa aceptación expresa conforme ó artigo 13.4 do ROF.

TERCEIRO.- Adecuaranse as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.

O que asino en Vimianzo.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica a súa dedicación proposta.

D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que ó final do mandato poderase xustificar se é moito ou non, e se criticará no seu caso.

D. Benjamín Queiro Pérez traslada que aumentou de 44.000 a 50.000 euros e fai divisións mensuais dos importes incidindo que fai 8 anos, a alcaldesa criticou un importe menor do anterior alcalde.



A Alcaldesa-Presidenta contesta que está xustificado o importe porque traballa e traballará de luns a domingo as 24 horas, amáis as contas que fai o edil entre meses, non son 12 senón 14 e respecto á Deputación, se lle dan dedicación alí, renunciará a esta por ser incompatible non sendo inmutable este réxime.

Conclúe dicindo que non se debe polemizar, é un cargo sacrificado e hai que dignificalo cunha retribución acorde.

D. Benjamín Queiro Pérez admite o seu erro de cálculo mensual pero en todo caso, entende que é demasiado nun concello cunha débeda dun millón seiscentos mil euros e que cobrará tamén por asistencia ós órganos colexiados da Deputación.

A Alcaldesa-Presidenta remata manifestando que en 8 anos non se tocou o soldo sen aplicar as súbidas salariais establecidas e que 6.000 nese tempo é adecuado, recorda que a campaña electoral xa finalizou e aclara que escoita a todos e tódalas opinións.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor (10 PSdeG-PSOE ), un voto en contra (1 BNG) e unha abstención (1 Grupo Mixto/PP).

#### **11º. Proposta de acordo sobre o establecemento das dedicacións da segunda e terceiro tenentes de alcaldesa.**

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 07/07/2023, que se reproduce a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **ASUNTO: DEDICACIÓNS DA SEGUNDA E TERCEIRO TENENTES DE ALCALDESA**

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto nos artigos 22, 23, 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto o informe emitido o 7 de xullo de 2023 pola intervención municipal.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:



PRIMEIRO.- Que a segunda tenente de alcaldesa, D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez, se adique de maneira exclusiva ás seguintes tarefas delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 999/2023, do 7 de xullo de 2019: áreas de Benestar social, Sanidade, Igualdade e Atención Cidadá.

Percibirá unha retribución anual bruta de 44.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.142,86 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

SEGUNDO.- Que o terceiro tenente de alcaldesa, D. Miguel Angel Pérez Méndez, se adique de maneira parcial (75 % da xornada ordinaria de traballo) ás seguintes tarefas delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 999/2023, do 7 de xullo de 2019: áreas de Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil.

Percibirá unha retribución anual bruta de 33.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 2.357,14 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

TERCEIRO.- A retribución por adicación exclusiva correspondente á segunda tenente de alcaldesa xurdirá efectos retroactivos dende a data de toma de posesión do cargo (17/06/2023), sen perxuizo da súa aceptación expresa conforme ó artigo 13.4 do ROF.

CUARTO.- Adecuaranse as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.

O que asino en Vimianzo.  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica a súa dedicación proposta.

D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que estes 4 anos houbo dúas dedicacións pero meter unha máis e inoportuno e disminuimos habitantes tamén.

D. Benjamín Queiro Pérez traslada que as dedicacións se dan cando os traballadores do concello non dan feito, e que neste concello hai traballadores dabondo. Continuando criticando que nunca se tiveron 3 dedicacións exclusivas con salarios desproporcionados que él non gaña no seu traballo e non hai necesidade de endebedarse máis.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que non é certo e non coñece a estrutura e escaseza de traballadores do concello e que, en todo caso, teñen un compromiso e humanidade e calidade



encomiables.

Continúa aludindo á extensión do concello que é moita e que hai prazas sen cubrir, debendo valorar o traballo sen que cheguen dúas dedicacións exclusivas e unha parcial, xa que ó seu entender debería haber o dobre.

Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor (10 PSdeG-PSOE ), un voto en contra (1 BNG) e unha abstención (1 Grupo Mixto/PP).

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:58 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz